



## **ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL REALIZADA O DÍA 26 DE AGOSTO DE 2025**

### **PRESIDENTA:**

D<sup>a</sup> Diana Piñeiro Fernández

### **ASISTENTES:**

D. Rubén Vázquez Pérez  
D<sup>a</sup> Patricia Esther Espiñeira Galán  
D. Omar Gonzalo Lamela Vázquez  
D. Manuel Castro Uzal  
D. Raúl Varela Fraguio

### **INTERVENTORA MUNICIPAL:**

D.<sup>a</sup> Laura García Santiago

### **SECRETARIA XERAL:**

D.<sup>a</sup> Pilar María Pastor Novo

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre (A Coruña), sendo as dez horas e quince minutos do día vinte e seis de agosto do ano dous mil vinte e cinco, reúnese a Xunta de Goberno Local, en primeira convocatoria, previamente convocada ás dez horas, co obxecto de celebrar sesión ordinaria baixo a Presidencia da Sra. alcaldesa, D<sup>a</sup>. Diana Piñeiro Fernández, e coa asistencia dos/as Sres./as concelleiros/as D. Rubén Vázquez Pérez, D<sup>a</sup> Patricia Esther Espiñeira Galán, D. Omar Gonzalo Lamela Vázquez, don Raúl Varela Fraguio e D. Manuel Castro Uzal.

Asiste á sesión a interventora municipal, D.<sup>a</sup> Laura García Santiago e actúa como secretaria a secretaria xeral do Concello, D.<sup>a</sup> Pilar María Pastor Novo, que dá fe do acto.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 133.1.b) do Regulamento orgánico municipal para a válida celebración das sesións, declara aberta a sesión, pasándose ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

## **1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN ORDINARIA DO DÍA 19 DE AGOSTO DE 2025**

De conformidade co preceptuado nos artigos 108.2 e 133.4 do ROM, a Presidencia pregunta se existe algunha obxección ou observación á acta da sesión ordinaria do día 19 de agosto de 2025, da que se entregou copia coa convocatoria desta sesión, e non producíndose ningunha, pola Presidencia sométese a votación ordinaria a súa aprobación, sendo aprobada por unanimidade.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a acta da sesión ordinaria do día 19 agosto de 2025.

## **2.- BOLETÍNS E CORRESPONDENCIA**

Non se deu conta de ningún/ningunha.

## **3.- PROPOSTAS**



**ÚNICA.- PROPOSTA RELATIVA Á DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA DO “SERVIZO DE ESCOLAS DE ACTIVIDADES FÍSICAS E DE SAÚDE E ACTIVIDADES FÍSICO-RECREATIVAS DE VERÁN”. EXPEDIENTE NÚMERO 2016/C004/000001**

A Presidencia somete a debate e consideración da Xunta de Goberno Local a proposta do concelleiro delegado da Área de Economía, Facenda, Contratación, Réxime Interior e Desenvolvemento Económico de data 20 de agosto de 2025 (CVD: su5sJ4th2V4ixfzU61Wy), que transcrita di:

**“PROPOSTA DO CONCELLEIRO DELEGADO DA ÁREA DE ECONOMÍA, FACENDA, CONTRATACIÓN, RÉXIME INTERIOR E DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO**

Visto que a Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria de data 21 de novembro de 2016, adoptou, entre outros, o acordo de adxudicar o “Servizo de escolas de actividades físicas e de saúde e actividades físico-recreativas de verán” a prol do licitador “AXIÑA SERVICIOS DEPORTIVOS S.L.”, no importe dos prezos unitarios ofertados, que supoñen un importe máximo anual de 50.278,92 IVE incluído, formalizándose o contrato administrativo o día 1 de decembro de 2016. Exp: 2016/C004/000001.

Visto que no antedito expediente depositouse unha garantía definitiva constituída mediante aval da entidade Banco Pastor, S.A. de data 27 de setembro de 2016 por importe de 7.881,11 € (inscrito no rexistro especial de avais co número 8117/761), depositado na Tesourería municipal con data de 5 de outubro de 2016 (núm. rexistro 690).

Visto o escrito presentado por Don Antonio Yañez Porto, segundo di, en representación da empresa “Axiña Servicios Deportivos S.L.”, con data 27 de maio de 2025 (núm. de rexistro de entrada 202599900003074) no que solicita a devolución da garantía depositada para garantir a correcta execución do contrato.

Visto o informe asinado polo coordinador de actividades culturais e educativas, de data 25 de xuño de 2025, (CVD: NngXBMOvMD1xRYN2fCTM) no que, entre outras cousas, di:

“(…)

*Tendo transcurrido o prazo de garantía aplicable á contratación de referencia, a teor do establecido no art. 111 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, polo que se aprobaa Lei de Contratos do Sector Público, o técnico informante fai constar:*

*1.- Que se realizou o servizo contratado con plena satisfacción e conforme aos pregos de prescricións técnicos e de cláusulas administrativas.*

*2.- Que por parte do informante non se formula ningunha obxección, polo que pode considerarse extinguida a responsabilidade do adxudicatario e levarse a cabo a devolución constituída por importe de 7.881,11 euros.*



(...)"

Visto o **INFORME DE INTERVENCIÓN REFERENCIA AMPT DEVOLUCIÓN GARANTIA SERVIZOS DE ESCOLAS DE ACTIVIDADE FÍSICA E SAÚDE E ACTIVIDADES FÍSICO RECREATIVAS DE VERÁN** emitido pola Interventora accidental Ana María Portela Torrón, de data 14 de agosto de 2025, (CVD: gsMR+AuG1Wzfc34T+i2v), no que entre outras cousas di:

"(...)

### III). - CONSIDERACIONES

#### **Primeira: Responsabilidades a que están afectas as garantías.**

O artigo 110 da LCSP dispón:

*"La garantía definitiva únicamente responderá de los siguientes conceptos:*

- a) De la obligación de formalizar el contrato en plazo, de conformidad con lo dispuesto en el artículo 153.*
- b) De las penalidades impuestas al contratista conforme al artículo 192 de la presente Ley.*
- c) De la correcta ejecución de las prestaciones contempladas en el contrato incluidas las mejoras que ofertadas por el contratista hayan sido aceptadas por el órgano de contratación, de los gastos originados a la Administración por la demora del contratista en el cumplimiento de sus obligaciones, y de los daños y perjuicios ocasionados a la misma con motivo de la ejecución del contrato o por su incumplimiento, cuando no proceda su resolución.*
- d) De la incautación que puede decretarse en los casos de resolución del contrato, de acuerdo con lo que en él o en esta Ley esté establecido.*
- e) Además, en los contratos de obras, de servicios y de suministros, la garantía definitiva responderá de la inexistencia de vicios o defectos de los bienes construidos o suministrados o de los servicios prestados durante el plazo de garantía que se haya previsto en el contrato"*

#### **Segunda: O prazo de garantía**

O artigo 111.1 LCSP determina que: *"La garantía no será devuelta o cancelada hasta que se haya producido el vencimiento del plazo de garantía y cumplido satisfactoriamente el contrato de que se trate, o hasta que se declare la resolución de este sin culpa del contratista"*

A cláusula 29 do PCA asinado o día 29.04.2016 pola técnica de xestión administrativo xeral (CVD: fsbtfDT6L6aDNcJckz4g) dispón que:

**29) PLAZO DE GARANTÍA** *El plazo de garantía del contrato será el que figura en el epígrafe 13 del cuadro de características del ANEXO Nº1 . Y si durante dicho plazo se acreditase la existencia de vicios o defectos en los servicios prestados, tendrá derecho la Administración a reclamar del contratista la subsanación o rectificación que corresponda.*



*Asimismo, en estos supuestos, la Administración podrá rechazar los servicios prestados, quedando exenta de la obligación de pago o teniendo derecho, en su caso, a la recuperación del precio satisfecho. Terminado el plazo de garantía sin que la Administración haya formulado alguno de los reparos o la denuncia a que se refiere el art. 307 del TRLCSP, el contratista quedará exento de responsabilidad por razón de la prestación efectuada.*

#### **ANEXO I**

*(...)*

*Epígrafe 13 . PLAZO DE GARANTÍA: 3 meses desde la finalización del contrato.*

*(...)*

De conformidade coa cláusula 19 do prego de cláusulas administrativas particulares e có epígrafe 4 do Cadro de Características (anexo I), o prazo de duración do contrato establecéuse en dous anos dende a sinatura en documento administrativo prorrogable por outro ano máis, previo acordo do órgano de contratación. A data 1 de decembro de 2016 formalizase o contrato en documento administrativo, asinado polo alcalde e o representante da entidade, don Antonio Yañez Porto, ante a secretaria xeral do Concello de Cambre, así como aprobada a súa prórroga en Xunta de Goberno Local do día 18.09.2018. Así pois, sendo un contrato de tracto sucesivo os últimos servizos prestados ao abeiro do mesmo correspóndense coa factura número 2019 466 emitida o 30.11.2019 por importe total de 3.647,28 euros, respecto da cal, consta a conformidade do concelleiro delegado da área de Cultura, Deportes e Xuventude e do responsable do contrato o coordinador de cultura e educación municipal de data 11.12.2019 (CVD: Gccdv1kSOV4UmL0+qluU) así como informe asinado polo coordinador deportivo nos seguintes termos (CVD: AO219UG/2xkKJhVz5zQL):

*“Vista a factura con data de emisión de 30 de novembro de 2019 e nº de rexistro 20190117109793 na plataforma de facturación, presentada pola empresa Axiña Servicios Deportivos, S.L. en concepto do servizo de escolas de actividades físicas e de saúde, durante o mes de novembro de 2019, por un importe total de 3.647,28 euros.*

#### **Antecedentes**

- 1. Visto o Contrato administrativo para a prestación do servizo de escolas de actividades físicas e de saúde e actividades físico recreativas de verán (expediente 2016/C004/000001), adxudicado por acordo da Xunta de Goberno Local de data 21 de novembro de 2016, e asinado o día 1 de decembro de 2016 polo Alcalde do Concello de Cambre e o representante legal da entidade Axiña Servicios Deportivos, S.L.*
- 2. Visto que a prestación do servizo de referencia está a desenvolverse conforme ao contrato establecido.*
- 3. Revisadas as listaxes de asistencia correspondentes ao servizo de referencia, entre o 1 e o 30 de novembro de 2019.*

#### **Infórmase**

*Da conformidade coa factura de referencia, así como coas actividades e número de horas reflectidas no documento anexo, por un importe de 3.647,28 euros.”*



**Terceira: O informe asinado o 25.06.2025 (CVD: NngXBMOvMD1xRYN2fCTM) polo coordinador de actividades culturais e educativas.**

De conformidade có informe asinado 25.06.2025 (CVD: NngXBMOvMD1xRYN2fCTM) polo coordinador de actividades culturais e educativas:

*“(.../...) Tendo transcurrido o prazo de garantía aplicable á contratación de referencia, a teor do establecido no art.*

*111 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, polo que se aprobaa Lei de Contratos do Sector Público, o técnico informante fai constar:*

*1.- Que se realizou o servizo contratado con plena satisfacción e conforme aos pregos de prescricións técnicos e de cláusulas administrativas.*

*2.- Que por parte do informante non se formula ningunha obxección, polo que pode considerarse extinguida a*

*responsabilidade do adxudicatario e levarse a cabo a devolución constituída por importe de 7.881,11 euros. (.../...)”*

**Cuarta: Extremos obxecto de comprobación**

- ✓ O informe técnico é favorable á cancelación ou devolución, por transcorrer o prazo de garantía e realizarse a prestación a plena satisfacción.
- ✓ A garantía non está afecta o cumprimento das penalidades impostas ao contratista
- ✓ A garantía non está afecta o cumprimento de obrigacións derivadas do contrato, gastos orixinados á Administración por demora do contratista no cumprimento das súas obrigacións e dos danos e prexuízos ocasionados á mesma con motivo da execución do contrato ou no suposto de incumprimento do mesmo sen resolución
- ✓ A garantía non foi incautada por resolución do contrato
- ✓ Non constan ordes de embargo de autoridades xudiciais ou administrativas, sobre créditos pendentes

**IV).- CONCLUSIONS**

Infórmase **favorablemente** a devolución do aval constituído por **AXIÑA SERVICIOS DEPORTIVOS S.L.** por importe de 7.881,11 euros para garantir a execución do contrato de servizo “**Servizo de escolas de actividades físicas e de saúde e actividades físico-recreativas de verán**”. Expediente Tedec número 2016/C004/000001.

E para que conste e surta os efectos oportunos, expido e asino o presente informe en Cambre na data que figura na marxe.

(...)”.

Visto canto antecede, e vista a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución número 391/2025, do 30 de abril, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:



**Primeiro:** Devolver a garantía definitiva constituída mediante aval do Banco Pastor, S.A. pola entidade Axiña Servizos Deportivos, S.L, con CIF B-15.835.721, por importe de 7.881,11 euros no expediente número 2016/C004/000001, para o “Servizo de escolas de actividades físicas e de saúde e actividades físico-recreativas de verán”.

**Segundo:** Notificar este acordo ao interesado e dar traslado do mesmo a Intervención e Tesourería municipais.

De conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, estes acordos poñen fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderán recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalos directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo ante a señora alcaldesa (artigo 124 da Lei 39/2015 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.”

Non producíndose intervencións a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta do concelleiro delegado da Área de Economía, Facenda, Contratación, Réxime Interior e Desenvolvemento Económico de data 20 de agosto de 2025 (CVD: su5sJ4th2V4ixfzU61WY), resultando aprobada por unanimidade, polo que devén en acordo nos termos anteriormente transcritos.

#### **4.- INFORME DAS RESOLUCIÓNS DITADAS POLA ALCALDÍA E CONCELLERÍAS DELEGADAS DE ÁREA DENDE A ANTERIOR XUNTA DE GOBERNO LOCAL**

A Presidencia dá conta á Xunta de Goberno Local das resolucións ditadas pola Alcaldía e concellerías delegadas de área dende o día 14 ao 21 de agosto de 2025, que comezan coa resolución do concelleiro delegado da Área de Economía, Facenda, Contratación, Réxime Interior e Desenvolvemento Económico núm. 770/2025 e rematan coa resolución do concelleiro delegado da núm. 780/2025, segundo se relacionan a continuación:

Nº decreto	Data sinatura	Asunto
770/2025	14-08-2025	Aprobar o padrón das taxas por prestación do servizo público de subministración de auga potable e rede de sumidoiros, así como da prestación patrimonial de carácter público non tributario polo servizo de depuración e do canon da auga da Xunta de Galicia, correspondente ao segundo trimestre de 2025, no que constan 12.812 recibos por un importe de 672.100,59 euros
771/2025	14-08-2025	Convocatoria da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 19 de agosto de 2025

772/2025	14-08-2025	Nomear a SHAA administrativa interina encadrada na escala de administración xeral, subescala administrativa, pertencente ao subgrupo de clasificación profesional C1, por exceso ou acumulación de tarefas para reforzar o programa de servizo de axuda no fogar no departamento de Servizos Sociais e nomear a NLA administrativa interina encadrada na escala de administración xeral, subescala administrativa, pertencente ao subgrupo de clasificación profesional C-1 por exceso de acumulación nas tarefas de apoio aos labores da coordinadora de servizos sociais, ambas ata o 31 de decembro de 2025
773/2025	14-08-2025	Nomear a SPO traballadora social interina encadrada na escala de administración especial, subescala técnica, clase técnicos medios, pertencente ao subgrupo de clasificación profesional A2, por exceso ou acumulación de tarefas para reforzar o programa de servizo de axuda no fogar no departamento de Servizos Sociais ata o 31 de decembro de 2025
774/2025	18-08-2025	Convocatoria da sesión ordinaria conxunta das Comisións Informativas Permanentes do día 21 de agosto de 2025
775/2025	19-08-2025	Nomear a LBG técnico de xestión de administración xeral interino, encadrado na escala de Administración xeral, Subescala de xestión, pertencente ao subgrupo de clasificación profesional A-2, por exceso ou acumulación de tarefas, adscrito ao Departamento de Intervención por un prazo máximo de nove meses dentro dun período de dezaioito meses, de conformidade co artigo 23-2d) da Lei 2/2015 do emprego público de Galicia
776/2025	19-08-2025	Conceder a tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade que pola súa discapacidade se lle recoñece ter dificultades graves de mobilidade que lle dificultan a utilización de transportes colectivos. Solicitante: MUL
777/2025	19-08-2025	Considerar desistido a JAVM da solicitude da tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade solicitada con data 26/05/2025 por non achegar a documentación requirida no prazo establecido, e declarar, polo tanto, o arquivo do procedemento
778/2025	19-08-2025	Conceder a renovación da tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade que pola súa discapacidade se lle recoñece ter dificultades graves de mobilidade que lle dificultan a utilización de transportes colectivos. Solicitante: LGN
779/2025	21-08-2025	Declarar a caducidade do expediente ao ter transcorrido o prazo máximo para resolvelo, de acordo co establecido nos artigos 25 e 95.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e 32.2 da Ordenanza de protección contra a contaminación acústica do Concello de Cambre. Iniciar procedemento sancionador a FGC como consecuencia da presunta comisión dunha infracción moi grave, consistente no exercicio da actividade do local sito na rúa Polígono, O Temple, superando en máis de 6 dBA os límites sonoros máximos establecidos para ruído en horario nocturno
780/2025	21-08-2025	Facer rendibles excedentes temporais de tesourería por importe de 22.000.000 euros, mediante a súa colocación a prazo fixo por un período de tres meses, solicitando a tal fin a presentación de ofertas



		as entidades financeiras con sede na praza
--	--	--

#### **5.- ASUNTOS SOBREVIDOS**

Non se tratou ningún asunto sobrevido.

#### **6.- ROGOS E PREGUNTAS**

Non se formulou ningún/ningunha.

E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as dez horas e dezasete minutos do mencionado día, estendéndose para a debida constancia a presente acta, do que eu, secretaria xeral, dou fe.

Visto e prace

A presidenta

Diana Piñeiro Fernández

A secretaria xeral

Pilar María Pastor Novo